

## EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DE APOIO

### 1.- Contesta brevemente as seguintes cuestións

1. Que é unha conca endorreica?
2. Cal é a principal explicación do feito de que os ríos que verten ao Atlántico e ao Cantábrico drenen a maioría do territorio peninsular?
3. Nun río, que determinan as características termopluviométricas?
4. Como pode influír, se inflúe, a densidade do tapiz vexetal na circulación das augas superficiais?
5. En Baleares e Canarias, podemos falar de ríos?
6. Cales son os principais problemas das augas subterráneas?
7. Como se pode orixinar un lago glaciar?
8. Como afecta o relevo á vexetación natural?
9. Cal sería a vexetación arbórea clímax do conxunto eurosiberiano?
10. Cal sería a vexetación arbórea clímax do conxunto mediterráneo?
11. Que é unha devesa (*dehesa*)?
12. Que determina en boa medida non solo a pendente?
13. Que é unha arxila?
14. Que é un solo Azonal?
15. A que se denomina acción antrópica no solo ou na vexetación?

### 2.- Coloca no oco correspondente as seguintes especies ou formacións vexetais

Faia / Aciñeira / Carballo/ Cardón / Castiñeiro / Sobreira / Tabaiba / Abeto / Romeiro / Garriga / Landa / Prado alpino / Coscoja / Laurisilva / Piñeiro negro / Xara / Xesta / Drago / Toxo / Esparto / Maquis

REXIÓN EUROSIBERIANA	REXIÓN MEDITERRÁNEA	REXIÓN BOREALPINA	REXIÓN MACARONÉSICA

### 3.-Despois de ler as definicións propostas tenta buscar o termo definido

Territorio drenado por un río principal e os seus afluentes\_\_\_\_\_

Curso de auga intermitente que só circula cando chove\_\_\_\_\_

Lago de escasas dimensión\_\_\_\_\_

Lagos característicos das zonas áridas ou semiáridas e chans onde a auga non ter forza suficiente para establecer cursos regulares, polo que se acumula en zonas deprimidas até que desaparecen por evaporación \_\_\_\_\_

Rexión florística propia do norte e noroeste da Península \_\_\_\_\_

Formación de matogueira propia do mundo mediterráneo que aparece en lugares moi secos e onde a vexetación natural foi fortemente degradada \_\_\_\_\_

Formación herbácea moi estendida pola rexión eurosiberiana e nas áreas de montaña \_\_\_\_\_

Cada unha das gradacións das formacións vexetais coa altura \_\_\_\_\_

Reino que agrupa as terras situadas ao norte do Trópico de Cáncer \_\_\_\_\_

Soporte a partir do cal se forman os solos \_\_\_\_\_

#### 4.- Completa o cadro colocando os distintos tipos de solo onde lle corresponda

Terra parda húmida / Areosos / Serosen / Solo vermello mediterráneo / Terra parda Calcaria / Volcánicos / Pardo calizos / Ránker / Hidromorfos / Terra parda meridional / Vertisolos / Halomorfos / Podzoles / Redzinformes

SOLOS ZONAIS			
CLIMA OCEÁNICO		CLIMA MEDITERRÁNEO	
ROCHEDO SILÍCEO		ROCHEDO SILÍCEO	
ROCHEDO CALCARIO		ROCHEDO CALCARIO	
		ROCHEDO ARXILOSO	
SOLOS AZONAIS			
SOLOS INTRAZONAIS			

## RESPOSTAS

### Exercicio 1

1. É o territorio que carece de desaugue ao mar.
2. Pola inclinación cara o oeste do bloque da meseta.
3. Determinan o caudal e o réxime dun río.
4. Canto máis denso sexa o tapiz vexetal maior será a retención da auga e polo tanto maior a regularización dos caudais.
5. Non, só poderemos falar de arroios ou de torrentes.
6. A contaminación e a sobreexplotación (esta pode producir a salinización da auga ou incluso a desaparición do acuífero).
7. Pola acción dos xeos. Ben por escavación (lagos de circo), ben pola acumulación de materiais que reteñen as augas nos vales glaciares.
8. De dúas formas: por unha parte, ao aumentar a altitude tamén aumentan as precipitacións e diminúen as temperaturas; este feito posibilita a aparición dun escalonamento da vexetación en altura. Por outra, as distintas orientacións das abas das montañas, aveseado (norte) e solaina (sur), condicionan o desigual desenvolvemento vexetal en cada unha delas.
9. Bosque caducifolio composto por especies altas con grandes e grosas follas.
10. Bosque perennifolio con troncos tortos, cortizas grosas e con copas globulares que aportan sombra.
11. Formación vexetal propia do mundo mediterráneo na que se integran árbores, matogueiras e herbas e que serán aproveitadas para a agricultura e a gandería.
12. Os espesores dos solos.
13. Mineral con partículas dun tamaño inferior a 0,002mm.
14. Solos pouco evolucionados e con caracteres similares aos da rocha nai.
15. É a pegada deixada polo home sobre a vexetación e/ou os solos.

### Exercicio 2

REXIÓN EUROSIBERIANA	REXIÓN MEDITERRÁNEA	REXIÓN BOREALPINA	REXIÓN MACARONÉSICA
Carballo/ Castiñeiro Landa / Xesta Toxo	Faia / Aciñeira Romeiro / Garriga Coscoja / Maquis Esparto / Sobreira Xara	Abeto / Prado alpino / Piñeiro negro /	Cardón / Tabaiaba / Laurisilva / Drago /

### Exercicio 3

Territorio drenado por un río principal e os seus afluentes\_ **CONCA**\_\_

Curso de auga intermitente que só circula cando chove\_\_\_\_**TORRENTE**\_\_

Lago de escasas dimensión\_\_\_\_\_**LAGOA**\_\_\_\_\_

Lagos característicos das zonas áridas ou semiáridas e chans onde a auga non ter forza suficiente para establecer cursos regulares, polo que se acumula en zonas depresionadas até que desaparecen por evaporación\_\_\_\_**LAGOS ARREICOS**\_\_\_\_\_

Rexión florística propia do norte e noroeste da Península\_\_\_\_**EUROSIBERIANA**\_\_\_\_\_

Formación de matogueira propia do mundo mediterráneo que aparece en lugares moi secos e onde a vexetación natural foi fortemente degradada\_\_\_\_**ESTEPA**\_\_\_\_\_

Formación herbácea moi estendida pola rexión eurosiberiana e nas áreas de montaña\_\_\_\_\_**PRADO**\_\_\_\_\_

Cada unha das gradacións das formacións vexetais coa altura\_\_\_\_ **PISO BIOCLIMÁTICO**\_\_\_\_\_

Reino que agrupa as terras situadas ao norte do Trópico de Cádiz\_\_\_\_\_**HOLÁRTICO**\_\_\_\_\_

Soporte a partir do cal se forman os solos\_\_\_\_\_**ROCHA NAI**\_\_\_\_\_

### Exercicio 4.

SOLOS ZONAIS			
CLIMA OCEÁNICO		CLIMA MEDITERRÁNEO	
<b>ROCHEDO SILÍCEO</b>	Terra parda húmida. Ránker Podzoles.	<b>ROCHEDO SILÍCEO</b>	Terra parda meridional
<b>ROCHEDO</b>	Terra parda Calcárea	<b>ROCHEDO CALCARIO</b>	Solo vermello mediterráneo

CALCARIO	Terra parda Calcaria		Solo vermello mediterráneo
		ROCHEDO ARXILOSO	Vertisolos Serosen.
SOLOS AZONAI			
Redzinformes Pardo calizos			
SOLOS INTRAZONAI			
Hidromorfos Halomorfos Volcánicos Areosos			